



O xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, Benigno Amor, manifesta que cómpre aproveitar a existencia dunha Directiva europea de asistencia sanitaria transfronteiriza

- 19 de maio de 2014

Galicia busca unha oportunidade no termalismo terapéutico con pacientes doutros países

Francia, Italia ou Alemaña recoñecen a cura termal dentro da súa carteira de servizos sanitarios. A directiva europea de asistencia sanitaria transfronteiriza regula o reembolso dos gastos ao recibir tratamento noutro estado membro.

O curso da **Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago** e a **Asociación de Balnearios de Galicia** continúa coas súas sesións formativas. Esta tarde, ás 18.30 horas, celebrarase unha nova xornada no **edificio docente Roberto Novoa Santos**, anexo ao **Complexo Hospitalario Universitario de Santiago**. O xerente da **Asociación de Balnearios de Galicia, Benigno Amor**, achegarase á situación do termalismo na comunidade, e tratará os requisitos que se deben cumprir para que unha auga sexa declarada como mineiromedicinal pola Administración galega, *“requisito imprescindible para que un establecemento adquira a condición de balneario”*, apunta.

Amor salienta que **Galicia é unha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais**, en canto á súa calidade, cantidade e tamén variedade. E, en consecuencia, con **maior tradición no seu uso como augas de bebida envasada e en balnearios**. Esta situación deu lugar a unha industria moi activa vinculada á explotación de augas minerais, con **21 balnearios**, o **17% do total nacional**, e **10 plantas de envasado de auga mineral natural**, o **7% das que existen en toda España**.

“A lexislación esixe que o uso tópico das augas mineiromedicinais se faga nun balneario debido a que estas augas, aínda que teñen efectos beneficiosos para a saúde, tamén teñen contraindicacións, polo que deben empregarse baixo vixilancia médica e cumprindo os correspondentes controis sanitarios”, remarca.

Reducir o gasto sanitario

O xerente de Balnearios sinala que **o futuro do sector termal galego pasa a curto prazo polo termalismo terapéutico**. Trátase de poñer en valor o uso das augas minerais como hábito saudable para **promover o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas** a través de tratamentos respiratorios, dixestivos, dermatolóxicos e do aparato locomotor. *“A potenciación do termalismo terapéutico conlevaría a diminución do consumo de fármacos e, en consecuencia, do gasto sanitario”, asegura.*

En relación ao termalismo terapéutico, o xerente da Asociación de Balnearios de Galicia manifesta que cómpre **aproveitar a existencia dunha Directiva europea de asistencia sanitaria transfronteiriza**. Esta Directiva regula o reembolso dos gastos ocasionados ao recibir tratamento noutro estado membro e traspúxose ao ordenamento xurídico español en febreiro deste ano. *“Supón unha oportunidade para Galicia, xa que en moitos países da Unión Europea como Alemaña, Francia ou Italia recoñecen a cura termal dentro da súa carteira de servizos sanitarios”, indica.*

Deste xeito, **os pacientes que proceden destes países poden ser tratados en balnearios galegos**, sempre que cumpran unhas determinadas condicións. Así, o tratamento debe ser froito dunha prescrición médica e o servizo que se reciba aquí debe ser o mesmo que o que reciben no seu país de orixe. Isto **inclúe só o tratamento, non o aloxamento nos establecementos termais**. *“Os pacientes pagan no balneario que lles atende e logo a administración sanitaria do seu país reembólsalles a cantidade correspondente”, sinala. Non obstante, manifesta que “para poder atraer a termalistas destes países cómpre realizar un maior esforzo investigador centrado no eido da hidroloxía médica”.*



la **ALACENA** Roja *del
comer,
beber
y viajar*

Martes , 20 mayo 2014

La frase del día...

“Para poder atraer a termalistas europeos es necesario realizar un mayor esfuerzo investigador en el campo de la hidrología médica”.



Benigno Amor. Gerente de Balnearios de Galicia

<http://www.laalacena roja.com/>


Visita virtual a monasterios y conventos gallegos

Turismo de Galicia ha puesto en marcha una aplicación que muestra más de 80 edificios

CAROL ROCA
Santiago

Turismo de Galicia ha puesto en marcha en su web la aplicación *A maxia dos mosteiros*, una iniciativa que posibilita una visita completa a 88 edificios conventuales y monasterios ubicados en Galicia desde la pantalla del ordenador, desde la tableta o *smartphone*. Son visitas en 360 grados que ofrecen la posibilidad de desarrollar auténticos recorridos turísticos para visualizar y apreciar los recursos y detalles arquitectónicos de los monasterios y principales conventos que están en nuestra comunidad.

De este modo, a través de la web de Turismo de Galicia, el visitante podrá elegir un monasterio e interactuar, podrá moverse en cualquier dirección, hacer acercamientos, giros o



Aplicación en la web de Turismo de Galicia para visitar conventos y monasterios de la comunidad autónoma

pararse en un determinado punto para ver los detalles de la construcción.

El visitante también tiene la posibilidad de dejarse llevar por el movimiento automático de la aplicación, así como ver imágenes a pan-

talla completa y gozar de la música que las acompaña.

En algunos casos, se incluye sonido de ambiente de los propios enclaves que se están visitando, como cánticos de los monjes o sonidos de la naturaleza.

Galicia está situada na primeira línea do termalismo a nivel nacional

A creación da cátedra de Hidroloxía Médica supuxo un grande apoio ao sector

Santiago. O turismo de balneario ten unha longa tradición en Galicia, e neste momento somos un auténtico referente no sector, situándonos en primeira liña en oferta termal. Cun total de vinte e ún banerios, máis de 3.000 prazas hoteleiras vinculadas a eles, e máis duns 150.000 usuarios procedentes principalmente de Galicia, Asturias, Castilla-León, Madrid e Cataluña.

Benigno Amor Barreiro, xerente da Asociación Banerios de Galicia, que hoxe tomará parte no foro sobre *As novas rutas culturais de Galicia* que se celebra na Cidade da Cultura, destaca a "gran riqueza que temos en augas mineromedicinais". Trátase dun sector que "dende os 90 foise potenciando grazas ás fortes inversións privadas e ás axudas públicas que, unido a unha lexislación moi estricta, foron as claves do rexurdir do termalismo en Galicia".

As características das augas, a excelencia das instalacións e a alta preparación dos profesionais do sector foron claves para que



Benigno Amor, xerente de Benigno Amor Barreiro. Foto: CG

o termalismo galego estea nas cotas actuais. Outro dos aspectos que influíron grandemente, segundo nos comenta Benigno Amor, "foi a creación no ano 2010 da cátedra de Hidroloxía Médica na Facultade de Medicina na Universidade de Santiago. Xa dende o 2006 se viña impartindo esta materia, pero a creación da cátedra foi como unha resposta ao interese do sector por fomentar a docencia nesta materia e que as futuras xeracións de médicos coñezan a importancia que teñen as au-

gas mineromedicinais para o tratamento de determinados problemas crónicos fundamentalmente ligados ao aparato locomotor, respiratorio e en menor medida de pel e dixestivo".

Os banerios está tendo un gran atractivo entre xentes de todas as idades, non só para a xente maior que busca un envellecemento activo, con boa calidade de vida. A oferta é ampla e abarca a todas as idades con programas de actividades con atractivo para toda a familia, para usuarios dun amplo abano de idades. **MT**

RESTAURANTE
Coxebre
A BOA COCIÑA GALEGA

PARADOR HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS
Praza do Obradoiro, 1
Reservas: 981 58 22 00
santiago@parador.es • www.parador.es

- Novo deseño
- Novo concepto gastronómico baseado no arte breve da cociña galega en pequenos petiscos.

Proba o noso menú bocados gastronómicos **15€** Menú do Camiño **18€**

ESPECIAL GRUPOS FIN DE SEMANA 3 DÍAS

León, Astorga y las Médulas

152€

Burgos, Santo Domingo de Silos y Atapuerca

199€

Cuenca, Teruel y Albarracín

210€

El precio incluye

- Autocar con salida desde Galicia
- 2 noches de estancia
- Régimen de pensión completa (bebidas incluidas)
- Visitas guiadas en las ciudades más importantes
- Guía acompañante para todo el circuito
- Seguro de viaje
- 2 gratuidades para los responsables del grupo

VILORIA

organización internacional de viajes

Información y reservas: Rúa da Senra, 28 • Santiago • T. 981 587 911

